



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/01/2010 09:41  
Nº Rexistro: 20435  
Data envío: 27/01/2010 09:41:33.512


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á discriminación da lingua galega que practica o Instituto Nacional de Estatística na tramitación de documentos.

Existen trámites de obrigado cumprimento que cumpre cursar co Instituto Nacional de Estatística (INE) no que se exclúe a posibilidade de uso da lingua galega, a diferenza do que acontece co español e o catalán.

Aínda que a páxina web <http://arce.ine.es> solicita ao usuario ou usuaria a elección de idioma no correspondente formulario (español, catalán, eúscaro e galego), o certo é que cando se procede a cubrir a enquisa as únicas opcións reais de cobertura son o español e o catalán. Cando se solicita ao servizo [arce@ine.es](mailto:arce@ine.es) información de como se pode cubrir o formulario en galego, a resposta oficial confirma, efectivamente, que só se pode utilizar o español e catalán, e que o uso da lingua galega, no mellor dos casos, e tras solicitude previa expresa, só se podería cumprimentar en papel, nunca en formato electrónico.

Velaí unha nova mostra de discriminación do idioma galego na administración pública, que chega a conculcar o establecido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, incorporada formalmente ao ordenamento xurídico do Estado español, e que vincula daquela á administración estatal na “posta a disposición da poboación de formularios e textos administrativos de uso frecuente nas linguas rexionais ou minoritarias”, isto é, tamén o galego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Que avaliación lle merece á Secretaria Xeral de Política Lingüística estes feitos?

2.<sup>a</sup>) Considera que a lingua galega está discriminada neste caso?

3.<sup>a</sup>) Ten previsto adoptar medidas que eviten a marxinação do noso idioma e, daquela, da poboación galega neste tipo de casos?

4.<sup>a</sup>) En caso positivo, en que consistirán, e en que prazo se farán efectivos?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do GP. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 27/01/2010 9:34:39**